

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 4 de outubro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NO ASISTE:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de outubro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1076).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 17 de setembro, ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de setembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1077).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenzas, Autos e Decretos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A Procedemento Abreviado nº 124/2013. Demandante: COMPAÑÍA DE SEGUROS GÉNESIS E D<sup>a</sup> AURORA PÉREZ LORENZO. Obxecto: Resolución da Concelleira delegada de Patrimonio de data 25.02.2013, sobre a indemnización por responsabilidade patrimonial. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Primeira Instancia nº2 de Vigo, no Procedemento Ordinario 966/12. Demandante: BELARMINO ALONSO COMESAÑA. Asunto: Acción declarativa de dominio do Camiño Pedreira R-2 (expte.17613/240). Estimada a demanda.
- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 379/2012 p.o. Demandante: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> LUISA RODRÍGUEZ GÓMEZ. Obxecto: Resolución do 17/09/2012 (E.P.) Expte.: reclamación patrimonial caída na vía pública o 15/07/2010 (Expte. Nº 3212/243) Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 301/2012 p.o. Demandante: "C.P. GENARO DE LA FUENTE Nº 30". Obxecto: Resolución do 27/07/2012, reclamación patrimonial (Expte. Nº 2853/243). Desestimado o recurso.
- e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 161/2013 p.a. Demandante: D. Javier Posada Tomé. Obxecto: Resolución do 09/05/2013. Sanción de tráfico (Expte.: 138619823). Rematado o procedemento.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 392/2012 P.O. Demandante: "LAGARES OCA S.L". Obxecto: XGL 17.8.2012, RECURSO "ESPECIAL" CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA (do IMB e D) Expte.: 18994/240. Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do TSX de Galicia, Sala do C-A, Sección 4<sup>a</sup>, no RC-A nº 04/15140/2010 P.O. Demandante: FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A. Obxecto: Ordenaza Fiscal taxas pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no Solo, Subsolo ou Voo da vía Pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía mobil. Estimado parcialmente o recurso.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 131/2013 p.a. Demandante: D. JOSÉ MANUEL PÉREZ PAZO. Obxecto: reclamación patrimonial por caída de árbore nun automóbil o 27/06/2011 (Expte.: 3601/243). Estimado o recurso parcialmente.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 149/2013 P.A. Demandante: D. DANIEL MARCIAL PINA. Obxecto: Resolu-

ción 9-4-2013 (en reposición) Sanción Tráfico (Expte: 128672890). Desestimado o recurso.

- k) Decreto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no MSCT 26/2013 (sistemas de retribución e traballo/rendemento). Demandante: D<sup>a</sup> SONIA PÉREZ LÓPEZ. Desestimento da autora.
- l) Decreto do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no MSCT nº 25/2013 (retribucións e sistemas de traballo/rendemento) Demandante: D<sup>a</sup> PILAR VARELA TABARES. Desestimento da actora.
- m) Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no MSCL nº 26/2013 (retribucións, sistema de traballo e rendemento) Demandante: D. IVÁN MARTÍNEZ GÓMEZ. Desestimento da actora.
- n) Decreto do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no MSCL nº 24/2013 (retribucións, sistema de traballo e rendemento) Demandante: D<sup>a</sup> ROSARIO MAYO ALONSO. Desestimento da actora.
- o) Decreto do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no MSCL nº 23/2013 (retribucións, sistema de traballo e rendemento). Demandante: D<sup>a</sup> CRISTINA FREIRE RODRÍGUEZ. Desestimento da actora.
- p) Decreto do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no MSCL nº 25/2013 (retribucións, sistema de traballo e rendemento) Demandante: D<sup>a</sup> JOAQUINA DE JESÚS PÉREZ CRIADORIVERO. Desestimento da actora.
- q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 141/2013 P.A. Demandante: MAPFRE FAMILIAR S.A e D. José M<sup>a</sup> Prado Comesaña. Obxecto: Resolución do 6-8-2013 (e.p) reclamación patrimonial (Expte. 3603/243) Estimado parcialmente o recurso.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **3(1078).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PRESTADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (CLECE S.A.) E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA A PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS. EXPTE. 88190/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar, como Administración titular do Servizo municipal de Axuda no Fogar no Concello de Vigo, a subscrición dun CONVENIO DE COLABORACIÓN entre a

entidade prestadora deste servizo, CLECE, S.A., e a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP) para a realización de PRÁCTICAS NON RETRIBUÍDAS DE ALUMNOS/AS pertencentes ó CURSO DE “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO” na especialidade de “Asistencia á Dirección”, no período comprendido entre o 14 de outubro e o 11 de novembro de 2013.

2º.- Da subscrición deste convenio entre as partes non se derivará para o Concello de Vigo ningunha obriga ou relación contractual ou doutra natureza con elas nin co alumnado en prácticas, nin tampouco gasto ningún, limitándose o consentimento municipal a facilitar, a través da entidade prestadora, a realización das prácticas ó alumnado do Curso, que deberá estar cuberto co correspondente seguro de accidentes e de responsabilidade civil a cargo do seu organizador.

3º.- Tal como se indica no texto do convenio proposto, garantirase en todo momento que a realización desas prácticas non interferirá no normal funcionamento do Servizo municipal de Axuda no Fogar”.

*CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON RETRIBUÍDAS DE ALUMNOS/AS PERTENCENTES O CURSO DA CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA NA ESPECIALIDADE DE “ASISTENCIA A DIRECCIÓN” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O FONDO SOCIAL EUROPEO*

*En Vigo, a 16 de setembro de 2013*

#### *REUNIDOS*

*Por unha parte, D. Medardo Arias Prieto, en calidade de Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Pontevedra, en diante CEP, con domicilio Avda. García Barbón 104 36201 VIGO, Pontevedra.*

*Por outra parte, D<sup>a</sup> Ana Castro Alonso, en calidade de Representante de CLECE, S.A., con domicilio en Avda. de la Hispanidad, 68, baixo, 36203 VÍGO, Pontevedra.*

*Ambas partes acordan a sinatura do presente Convenio coas seguintes*

#### *CLÁUSULAS*

##### *1. OBXECTO.*

*Subscribir o presente acordo de colaboración para a realización de prácticas non retribuídas de alumnas do Curso de “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO” impartido pola CEP no período comprendido entre o 14 de outubro e o 11 de novembro do 2013 no servizo municipal de axuda no fogar de Vigo, xestionado por CLECE.*

##### *2. OBRIGAS DA CONFEDERACION DE EMPRESARIOS.*

*2.1. Remitir unha relación nominal do alumnado seleccionado que incluírá o nome, apelidos e DNI.*

*2.2. Garantir que a realización das prácticas non vai a interferir no funcionamento normal do servizo e a proporcionar ao alumnado un uniforme axeitado tendo en conta a actividade de prácticas a desenvolver.*

2.3. Cada alumno/a en prácticas deberá acudir con identificación e será seguido por unha titora designada pola CEP encargada de programar, coordinar, supervisar e avaliar o desenvolvemento das prácticas.

En definitiva, a titora terá encomendadas as tarefas de dirección e asesoramento durante o período de estancia nos Centros.

2.4. As actividades realizaranse baixo a organización, control e dependencia do director dos Centros e o persoal no que delegue.

### 3. OBRIGAS DA EMPRESA NA QUE SE REALICEN AS PRÁCTICAS.

O centro comprométese a facilitar a realización das prácticas ó alumnado do Curso de "ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO" impartido pola Confederación de Empresarios de Pontevedra.

### 4. OBRIGAS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS

Os/as alumnos/as en prácticas comprométense a:

- Respetar en todo intre as normas internas de CLECE.
- Cumprir o horario fixado polo programa de prácticas.

### 5. DATAS E DURACIÓN DAS PRÁCTICAS.

O período de prácticas se extenderá 14 de outubro e o 11 de novembro do 2013 e estará sempre suxeito a organización da Empresa.

### 6. HORARIO DAS PRÁCTICAS. (Pendente de establecer)

### 7. SUSPENSIÓN DAS PRÁCTICAS.

A realización das practicas non poderá interferir no funcionamento do servizo, estando a dirección da Empresa facultada en todo intre para suspender o exercicio das prácticas se as circunstancias o requirisen.

### 8. SEGURO DE ACCIDENTES E RESPONSABILIDADE CIVIL DO ALUMNO EN PRÁCTICAS.

O alumnado en prácticas estará cuberto co correspondente seguro de accidentes e de responsabilidade civil polos danos que podan orixinarse a si mesmos ou a terceiros durante a realización das prácticas.

A Confederacion de Empresarios de Pontevedra acreditará o pagamento das pólizas para todo o período de duración das prácticas.

### 9. DURACIÓN DO CONVENIO.

O presente convenio extenderase do 14 de outubro e o 11 de novembro do 2013

### 10. EXTINCIÓN

As causas de resolución do Convenio son:

- Mutuo acordo das partes manifestado por escrito.
- Imposibilidade de dar cumprimento ó seu obxecto.
- Incumprimento grave por calquera das partes das obrigas previstas nel.

E para que así conste en proba de conformidade, as dúas partes firman este Convenio por duplicado e a un único efecto, no lugar e data indicados.

**4(1079).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1/2180, 4/477, 24/1291, 1/2126, 02/251, 02/2355.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da xefa de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Aladino Alonso Costas. Expte. 2/251.
- Lucía Quintela Fernández. Expte. 02/2355.
- Celso Comesaña Comesaña. Expte. 01/2180.
- Nicolasa Suárez de la Iglesia. Expte. 04/477.
- Laura Fernández García. Expte. 24/1291.
- Ana M<sup>a</sup>. Allica Iglesias. Expte. 02/2126.

**5(1080).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CARREIRA BENÉFICA “TODOS CON SENEN” O 27 DE OUTUBRO. EXPTE. 11962/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Javier Lafuente Rois con D.N.I. 36.103.072-H, a organizar o vindeiro domingo, 27 de outubro de 2013, a carreira benéfica denominada “TODOS CON SENEN”, dita carreira comenizará ás 10.00 horas e rematará ás 13.30horas, percorrendo as rúas Jacinto Benavente, Severo Ochoa, Beiramar, Glorietta Berbés , Beiramar ata Eduardo Cabello e Jacinto Benavente.

**6(1081).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XVIII EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL” O VINDEIRO 13 DE OUTUBRO. EXPTE. 12157/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Agrupación Deportiva Castro San Miguel, a organizar o vindeiro domingo 13 de outubro de 2013, o “XVIII EDICIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL”, dito Cross se levará a cabo no Parque de Castrelos, dende as 9.00 horas ata as 14.00 horas.

**7(1082).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN A “XXVIII CARREIRA POPULAR DA AMIZADE” EN BEMBRIVE O 12 DE OUTUBRO. EXPTE. 12393/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a S.C.D.R. Helios de Bembrive, a organizar o vindeiro sábado 12 de outubro de 2013, a "XXVIII CARREIRA POPULAR DA AMIZADE", con saída ás 10.30 horas dende o barrio de Mosteiro e percorrendo, Mourelle, San Cibrán, Chans, Xestoso, Viña Grande, Montecalvario e regreso a Mosteiro, arredor das 13.30 horas.

**8(1083).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA "II CARREIRA POPULAR Y CANICROSS-ALEJANDRO GÓMEZ" EN ZAMÁNS O 13 DE OUTUBRO. EXPTE. 11949/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Alejandro Gómez Cabral, a organizar o vindeiro 13 de outubro de 2013, a II CARRERA POPULAR Y CANICROSS-ALEJANDRO GÓMEZ, dita proba comenará ás 10.00 horas e rematará arredor das 13.00 o percorrido se levará a cabo en Zamáns no Alto de San Cosme.

**9(1084).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA DE DESAFECTACIÓN AO USO EDUCATIVO DAS VIVENDAS DE MESTRES NO CEIP CANDEÁN IGREXA. EXPTE. 15369/332.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 18.09.13, conformado polo concelleiro-delegado de Educación, que di o seguinte:

*Á vista do informe de Aparelladora Municipal sobre o estado no que se atópan as vivendas que no seu día foron ocupadas por mestres e porteiro e que están situadas no recinto escolar do CEIP CANDEÁN-IGREXA, no que manifesta o estado deficiente de conservación resultando perigosas para os usuarios do Centro.*

*Estes feitos foron comunicados reiteradamente á Xunta de Galicia, sen que ata hoxe se teñan feito cargo de mantemento e reparación das vivendas destinadas a mestres nos Colexios Públicos de Vigo.*

*Como queira que estas vivendas do CEIP CANDEÁN-IGREXA non se atópan ocupadas neste intre, este Servizo de Educación considera que debe reclamarse á Xunta de Galicia a desafectación ao uso educativo para dar a este espazo un uso máis acorde co interese xeral e, para evitar accidentes e poder poñelo ao servizo da comunidade educativa, determinándose un novo uso deste espazo escolar do xeito que mellor proceda.*

*Polo todo elo, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

*"Solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a desafectación ao uso educativo das vivendas de profesores sitas no recinto escolar de CEIP*

*CANDEÁN-IGREXA, co obxecto que o Concello de Vigo poida derrubalas a causa do seu mal estado de conservación e co obxecto de por á disposición da comunidade educativa do centro este espazo."*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1085).- BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL Ó ABEIRO DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR-XUNTA DE GALICIA PARA O FOMENTO DE EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCALES- ANO 2013. EXPTE. 10036/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.09.13, o informe de fiscalización do 26.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 2.07.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá, Voluntariado e Emprego e o concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases do procedemento de selección de traballadoras/es a contratar ao abeiro das subvencións da Consellería de Traballo e Benestar-Xunta de Galicia, para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2013, que de seguido se transcriben:

*PRIMEIRO.-Obxetivos e colectivos aos que van dirixidas as contratacións para as que se solicita a subvención.*

*Estas subvencións están destinadas a financiación de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades locais a través de contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social (procedemento TR351 A), o obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.*

*O servizo de fomento de emprego é considerado pola Xunta de Goberno Local de 9 de marzo do 2012, considera no apartado 3 como actividade prioritaria na Administración Municipal de Vigo en canto a persoal beneficiario, no marco da actividade de Fomento do Emprego en contextos económicos e sociais desfavorables, ( Observatorio de emprego-SEPE: 4.890.989.- parados/as no mes de maio do 2013).*

*SEGUNDO.- Memoria solicitada, nº de traballadores e categorías:*

*O número e categoría das/os traballadores/as a contratar está pendente e condicionados a vindeira resolución aprobatoria da Consellería de Traballo e Benestar-Xunta de Galicia.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de maio do 2013 aproba entoutros ó número, categorías e duración dos contratos para os que se solicita a subvención e se relacionan no certificado do acordo que sigue:*

*C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de maio de 2013, adoptou o seguinte*



acordo:

**9.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO DE OBRAS E SERVIZOS PARA PRESENTAR Á<sup>III</sup> CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, ANO 2013. EXPTE. 9824/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.05.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

*Primeiro.- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2013, que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.*

*Segundo.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 302.071,03 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*

*Terceiro.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*

*Cuarto.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.*

**ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos para Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo 2013.**

SERVIZO	POSTOS DE TRABALLO	Nº PERSOAS	TEMPO (mes)	SALARIO MES	PRORR-TEO	BRUTO MES	IMPORT SEG. SOC	TOTALIZACION POR PS.	TOTALIZACION XERAL
PARQUES E XARDINS (MELLORAS)	TEC. MEDIO AG.	1	6	745,24	124,21	869,45	279,09	6891,26	6.891,26
	OF. FONTANEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. ALBANEL	7	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	49.210,23
	OF. XARDINEIRO	7	6	728,8	121,47	850,27	295,04	6871,88	48.103,17
	PEONS	15	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	100.428,92
	OF. CONDUCTOR	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
VIAS E OBRAS	AUX. ADMINISTRATIVO	1	6	694,1	115,68	809,78	259,94	6418,32	6.418,32
	CAPATAZ PAVIMENT.	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	CAPATAZ OBRA PUBLICA	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	OF. PAVIMENTADOR	4	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	28.120,13
	PEON PAVIMENTADOR	4	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	26.781,04
	PEON OBRA PUBLICA	19	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	127.209,96
	OF. CARPINTEIRO	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
	OF. CONDUCTOR	8	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	56.240,26
	OF. MECANICO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CANTEIRO	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. FERREIRO	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. ALBANEL	9	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	63.270,29

TOTAL POSTOS: 89

TOTAL: 611.411,19 €

**ANEXO II: Proxectos a solicitar na convocatoria para Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo 2013.**

SERVIZO	POSTOS DE TRABAJO	Nº PERSOAS	TEMPO (meses)	SALARIO MES	PRORRATEO	BRUTO MES	IMPORTE SEG. SOC	TOTALIZACION POR PS.	TOTALIZACION XERAL
PARQUES E XARDINS (MELLORAS)	TEC. MEDIO AG.	1	6	745,24	124,21	869,45	279,09	6891,26	6.891,26
	OF. FONTANEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. ALBANIEL	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. XARDINEIRO	4	6	728,8	121,47	850,27	295,04	6871,88	27.487,53
	PEONS	8	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	53.562,09
	OF. CONDUCTOR	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
VIAS E OBRAS	AUX. ADMINISTRATIVO	1	6	694,1	115,68	809,78	259,94	6418,32	6.418,32
	CAPATAZ OBRA PUBLICA	1	6	745,24	124,21	869,45	328,65	7188,61	7.188,61
	OF. PAVIMENTADOR	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	PEON PAVIMENTADOR	2	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	13.390,52
	PEON OBRA PUBLICA	8	6	694,1	115,68	809,78	306,1	6695,26	53.562,09
	OF. CARPINTEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CONDUCTOR	3	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	21.090,10
	OF. MECANICO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. CANTEIRO	1	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	7.030,03
	OF. FERREIRO	2	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	14.060,06
	OF. ALBANIEL	5	6	728,8	121,47	850,27	321,4	7030,03	35.150,16

TOTAL POSTOS: 44

TOTAL: 302.071,03 €

*E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta e un de maio do ano dous mil trece.*

**TERCEIRO.-** *Requisitos e criterios para a selección das/os traballadores/as.*

*Segundo o artigo 10 da devandita orde pola que se establecen as bases reguladoras destas subvencións, se fixan os seguintes requisitos e criterios para a selección das/os traballadoras/es:*

**3.1.-** *Os/as traballadoras/es que se contraten para a realización das obras ou servizos e polos que se outorgue subvención deberán ser persoas desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñíbeis para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interés social.*

*Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada esté inscrita na Oficina de Emprego como demandante non ocupada dispoñíbel para o emprego*

**3.2.-** *Exclusións.- As/os traballadores/as que ovúesen sido contratadas/os, por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo as axudas concedidas ao amparo das Órdes da Consellería de Traballo e Benestar do 28 e 29 de febreiro; e do 27 de setembro do 2012, de convocatoria, respectivamente, dos programas de cooperación en colaboración coas entidades locais e cós Órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sin Ánimo de lucro para a contratación de traballadoras e traballadores desempregadas/os, así como axentes de emprego e/ou unidades de apoio (DOG nº 50 e 188, de 12 de marzo e 2 de outubro do 2012, respectivamente), non poderán ser contratados con cargo as axudas previstas nesta orde.*

**3.3.-** *As entidades beneficiarias da subvención solicitarán as traballadoras e traballadores que se necesiten mediante a presentación da oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados ao efecto, facendo referencia a os requisitos e características que deben reunir as traballadoras e traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría*

*profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder a codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacions -CNO-, de conformidade cos seguintes principios xerais:*

*a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquer tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no párrafo seguinte ou se trate de favorecer aos colectivos enumerados en éste.*

*b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.*

*c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estén xustificadas no expediente de solicitude e sean coherentes coa resolución de concesión.*

*d) As entidades locais deberán presentar as ofertas con unha antelación mínima de 15 días hábiles a data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda a dirección do centro de traballo do posto ofertado.*

*3.4.- Recibida a oferta, realizaráse pola oficina de emprego un sondeo de demandantes en función das características desta e atendendo a maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, a ser posíbel, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novos candidatos só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rechazo voluntario ou incomparecencia dos remitidos.*

*3.5.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, no seu caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:*

*a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.*

*b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sin calificación profesional.*

*c) Persoas paradas de longa duración.*

*d) Persoas con discapacidade.*

*e) Persoas desempregadas que agotaran as prestacións e subsidios por desemprego a que ou-besen tido dereito.*

*f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*

*g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

*Asimesmo, teráanse en conta o menor nivel de protección por desemprego das posíbeis persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por éstas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate el/la conyugue, fillos e fillas menores de vinteseis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.*

3.6.- *Excepcionalmente, previa solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e previa autorización expres da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, poderán seleccionar a mulleres vítimas de violencia e/ou integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores sociais, no seu caso. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste apartado deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos apartados 1 e 2 deste artigo.*

3.7.- *As persoas candidatas preseleccionada pola oficina de emprego serán emitidas a entidade beneficiaria a fin de que ésta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para seu coñecemento, a correspondente oficina de emprego.*

3.8.- *Valoracións para a selección definitiva entre os candidatos recibidos da oficina do Servizo Público de Emprego.-*

*Muller: 0,7.- puntos, no caso de ser muller desempregada.*

*1,5.- puntos, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.*

*Idade:*

<i>De 16 a 29 anos</i>	<i>0,5 puntos</i>
<i>De 45 a 67 anos</i>	<i>0,5 puntos</i>

*Primeiro emprego: 0,5 puntos.*

*Desemprego de longa duración.- 0,5 puntos, por un ano ou mais en desemprego segundo a vida laboral, contado o tempo en desemprego a partires do último contrato de traballo cunha duración de cinco meses ou mais (a tempo completo ou a parte proporcional se é a tempo parcial).*

*Discapacitados/as: 0,5 puntos, cunha minusvalía igual ou superior ao 33% e debidamente acreditada mediante certificado correspondente e sempre que a discapacidade sexa compatible co desempeño do posto de traballo.*

*Persoas desempregadas que esgotásen as prestacións e subsidios por desemprego a que tiveran dereito: 0,5 puntos.*

*Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios da renda de integración social de Galicia: 0,5 puntos.*

3.9.- *Probas prácticas e entrevista.- As probas prácticas específicas e entrevista estarán relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos.*

3.10.- *Outras valoracións.- Ademais, para todos os postos excepto para os peóns por ser postos que non necesitan cualificación, teránse en conta os seguintes criterios:*

*Formación complementaria relacionada e adecuada as funcións e tarefas de cada posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 2 puntos (inclúense neste apartado os cursos de galego e as súas validacións segundo a Orde de 1 de abril de 2005).*

Horas lectivas	Puntuación
De 20 a 49	0,1
De 50 a 99	0,2
De 100 a 199	0,3
De 200 a 299	0,4
De 300 ou máis	0,5

*CUARTO.- Requisitos imprescindibles.- Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar:*

*a) Ter a nacionalidade española, sen prexuício do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público en canto o acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

*b) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberáse acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas pola Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa de concordate aplicación.*

*Recoñecemento médico ás persoas candidatas seleccionadas e ás persoas que teñan acreditada discapacidade mediante certificación de minusvalía.*

*O Servizo de PRL deste Concello solicitará con carácter previo á contratación, o informe EVO onde se acredite a compatibilidade da minusvalía coas tarefas a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta. No seu caso, as persoas candidatas deberán presentar certificación médica que acredite o estado físico compatible da persoa candidata que alega enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, coas tarefas e funcións a desenvolver no posto de traballo ao que se presenta.*

*c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

*d) Non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a disposición vixente.*

*e) Estar en posesión da titulación que se fixe para cada posto de traballo.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaránse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d) , a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuício de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33 % expedido polo órgano competente da Admón Autonómica e sempre que a discapacidade non lle impida realizar as funcións e tarefas do posto de traballo.*

*QUINTO.- Comisión de selección.-*

O órgano de selección terá carácter Colexiado e estará composto por cinco membros, de recoñecida capacitación técnica e profesional, actuando todos eles con voz e voto a excepción da/o secretario/a que téñ solo voz, e comparecerán a título individual e cumprindo co estipulado no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección poderá nomear -asesores especialistas na materia-, que comparecerán a título individual e que actuarán con voz e sen voto.

Composición:

- *Presidente: Xefe do Servizo de Participación Cidadá, Voluntariado e Emprego.*
- *Secretario: Funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como secretario/a, con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración das actas e acordos, preferentemente de habilitación nacional ou técnica/o de Admón Xeral/Especial en aplicación do disposto na disposición adicional segunda da Lei 7/2007, de 12 de abril do EBEP, e as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común modificada pola Lei 4/1999.*
- *Vocais: O/a Xefe/a do Servizo municipal encargado da execución de cada memoria e dous/duas funcionarias/os ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo ou dos seus organismos autónomos, con titulación igual ou superior a do posto ofertado.*

*Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, simultaneamente cos titulares e suplentes correspondentes, todos, incluídos os asesores, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprir co estipulado no art.60 do Estatuto Básico do Empregado Público en canto a súa composición, capacidade e funcionamento.*

*Asimesmo, os/as integrantes da comisión de selección deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Os aspirantes tamén poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.*

*Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as polo Servizo Público de Emprego e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), levantarase acta co listado definitivo do persoal seleccionado.*

*Lista de substitucións.-* *Os aspirantes que superen tódalas probas e o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións, aos efectos de poder ser contratados temporalmente, para os casos de vacantes por renuncias ou baixas, nos programas de emprego.*

**SEXTO.-** *Contratación, modalidade e duración.-*

*Unha vez efectuada a selección das traballadoras e traballadores, o Concello procederá a a súa contratación utilizando necesariamente a "modalidade de contrato de: "Duración determinada de interés social" dacordo co artigo 11da devandita orde de 3 de maio do 2013 d Consellería de Tra-*

ballo e Benestar, reguladora destas subvencións ,facendo constar no contrato a indicación: programas de cooperación Xunta de Galicia e identificando con precisión a obra ou servizo a desenvolver pola Xefatura de Servizo de Participación Cidadá, Voluntariado e Emprego solicitante da subvención e aquela Xefatura de Servizo que se responsabiliza de implementála, tendo especial coidado de que os traballadores/as contratados realizen exclusivamente as funcións e tarefas que corresponden a obra ou servizo obxecto do programa de cooperación, e en ningún caso adicálos a outras tarefas, tendo especial importancia a asignación destes traballos e tarefas co obxecto de evitar a posibel transformación deste tipo de contratos en indefinidos.

6.1.- Autonomía e substantividade dos traballos inherentes a obra ou servizo a realizar ao abeiro da memoria/programa de cooperación solicitada:

A obra ou servizo que constitue o obxecto da contratación debe presentar autonomía e sustantividade propia dentro do que é a actividade laboral da empresa, neste caso o Concello de Vigo.

É de especial importancia que pola Xefatura do Servizo de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e en todo caso sempre pola Xefatura de Servizo de Recursos Humanos, servizo a través do cal se formalizan os contratos, que se especifique e identifique no contrato, con precisión e claridade, a obra ou servizo que constituye o seu obxecto e que no desenrolo da relación laboral, as/os traballadoras/es sexan normalmente ocupadas/os na execución daquela ou no cumprimento deste e non en tarefas distintas, co obxecto de evitar unha futura transformación destes contratos en indefinidos.

6.2.-Os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución concedente da subvención, (modelo PE 206-A ) condicionados en todo caso os trámites e requisitos establecidos pola vixente lexislación de Réxime Local, Reforma Laboral o Estatuto Básico do Empregado Público e demais lexislación en materia de contratación laboral temporal, e en todo caso ao que estimase oportuno e necesario a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos segundo as disposición que rixan no momento da contratación e ao que fixen os informes xurídicos da Intervención Xeral e do Secretario da Administración Municipal.

6.3.- A duración dos contratos queda condicionada asimesmo a que fixe a vindeira resolución aprobatoria da Consellería de Traballo, cun límite máximo de 6 meses, e teráse sempre en conta ademais o límite disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE N.º 141, mércores do 14 de xuño do 2006) en canto a prohibición legal do encadenamento dos contratos laborais temporais, que fixa unha duración máxima de 24 meses nun periodo de 30, sexa ou non o mesmo contrato e para o mesmo ou distinto posto de traballo, circunstancia da cal se emitirá informe previo á contratación pola Xefatura do Servizo de Participación Cidadá, Voluntariado e Emprego.

Estas bases quedan condicionadas aos informes xurídicos que se emita ao respecto por parte dos Secretario da Administración Municipal, da Intervención Xeral ou calquela outra disposición ou requisito esixido pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos dacordo coa normativa e demais disposicións vixentes no momento da contratación.

Os traballadores cesarán na data que remate a memoria en cooperación e correspondente obra ou servizo de interés social e xeral subvencionada, para a que fóron contratados e desempeñarán as funcións e tarefas de candanseu posto de traballo e sempre dacordo cos obxetivos que correspondan a candansúa obra ou servizo de interés social subvencionada, é en ningún caso destinaráanse a realización doutras tarefas, téndose especial coidado pola Xefatura do Servizo que a implemente, (Xefatura do Servizo de Participación Cidadá, Voluntariado e Emprego, Xe-

fatura do Servizo de Vías e Obras ou Xefe do Servizo de Parques e Xardíns), para que non dé lugar a contratacións fraudulentas.

*Retribucións.- As retribucións serán as contempladas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego prorrogado.*

*A xornada laboral e o horario serán fixadas dacordo coas necesidades do servizo e o que dicte a vindeira resolución aprobatoria da subvención.*

*Comunicación dos contratos a oficina de emprego segundo a orde reguladora destas subvencións.-*

*– Para a comunicación dos contratos de traballo a correspondete oficina de emprego a través da aplicación informática Contrat@ deberán terse en conta os seguintes requisitos:*

*– Que as persoas contratadas cumpren, no momento da contratación, os requisitos para ser beneficiarias destes programas.*

*– Que se utilizou o modelo de contrato de duración determinada de interés social (modelo PE 206-A).*

*– En todo caso, as contratacións que incumplan calquera destes requisitos non se entenderán xustificadas e non poderán ser subvencionadas e, en todo caso, darán lugar a revocación das axudas de conformidade co disposto no artigo 16 da orde reguladora.*

*SÉPTIMO - Información importante as/os traballadoras/es.-*

*En ningún caso se formalizará a contratación con aquelas persoas que non cumpran o estipulado nas bases e aqueles outros requisitos que lles esixa o Xefe do Servizo de Emprego e a Xefa do Servizo de Recursos Humanos, tanto na modalidade da contratación como en calquera outro aspecto que consideren necesarios para evitar calquera contratación fraudulenta, sempre dacordo coa lexislación, normativa vixente e demais disposicións de aplicación no momento da contratación, circunstancia da cal infórmase a todos eles.*

### **11(1086).- PROXECTO PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20. EXPTE. 2422/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.09.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 26.09.13, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

*A empresa PETTRA SL, presenta o proxecto de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”, redactado polo ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN e pola ENXEÑEIRA INDUSTRIAL BEGOÑA ARRANZ GONZÁLEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E CATRO MIL EUROS (164.000,00 EUROS).*

#### **DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:**

*O proxecto ten por obxecto definir as obras de mellora do acceso peonil ao barrio de Navia dende a VG-20 e a execución dun aparcamento no mesmo ámbito, que actualmente esta incrementando o seu volume de coches a medida que avanza a ocupación das súas vivendas.*



Os accesos peonís ao barrio dende o anexo de Coia son moi limitados; neste sentido céntranse na glorieta coa Avda. de Europa, glorieta elevada sobre a VG-10, ao norte do ámbito, así como na glorieta por debaixo da VG-10, na conexión desta coa VG-20, ao sur, distando ambos os dous puntos case 700 metros e non existe ningunha outra conexión peonil entre o Barrio de Navia e o resto da cidade consolidada.

Actualmente a zona obxecto do proxecto é unha explanada de terra utilizada como aparcamento de vehículos. Existe unha conexión peonil cun paso de peóns que cruza a VG-10, pero o acceso actual está moi deteriorado, existindo tramos sen beirarrúa.

Proxéctase ante a devandita situación un reforzo das condicións de acceso nos ramais norte da VG-10 sobre os que se desenvolve o paso de peóns, establecendo sinalización horizontal e vertical para limitación de velocidade e pasos de peóns de maior tamaño.

Prantéxase ademais a execución dunha beirarrúa baixo o paso superior da VG-10 que complete o itinerario peonil de acceso ao barrio de Navia. Para mellorar a imaxe do paso peonil baixo o paso superior propónse o panelado do pilar e o estribo con placas de formigón polímero con acabado superficial Gel-Coat colocados sobre perfíles-guía.

Ademais o proxecto inclúe a execución dun novo aparcamento, regulando así o actual aparcamento ilegal tanto na parcela que actualmente está sen urbanizar coma no vial de acceso a ela. Incorpórase ademais unha ampla superficie axardinada que suavice a visión da rotonda da VG-20, resultando un espazo agradable para o peón.

Así mesmo se acomete a mellora da iluminación coa inclusión de novos puntos de luz similares aos existentes. Ademais aprovéitase a intervención para ampliar a rede de pluviais e soterrar o tendido aéreo existente de telefonía.

A vexetación artículase a partir de alcorques no límite da beirarrúa e de tres zonas verdes cun total de 657 m<sup>2</sup> de superficie aproximadamente .

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de UN mes.

O Ministerio de Fomento remite en data 25 de setembro autorización para o proxecto de referencia, no que inclúe unha serie de condicións particulares e xerais que xa se atopan recollidas no documento que se presenta, polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 12 de setembro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

1(1086).- Aprobar o proxecto redactado pola enxeñería PETTRA, para O "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20" cun orzamento total de 164.000 € (cento sesenta e catro mil euros), no que se atopa o IVE engadido, e cun prazo de execución de un mes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1087).- PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE AS RÚAS REPÚBLICA ARGENTINA E CANCELEIRO. EXPTE. 2423/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 27.09.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 24.09.13, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

*A empresa GALAICONTROL presenta o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE AS RÚAS REP. ARGENTINA E CANCELEIRO", redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS DE EUROS (2.000.000,00 EUROS).*

**DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:**

*As accións que se levarán a cabo na rúa son basicamente as seguintes:*

**1) Renovación completa dos pavimentos.**

*En beirarrúas: Base de formigón HM-20 e=10cm, baldosa de granito Gris Alba 60x40, e= 6 cm.*

*En calzada e bandas de aparcamento: Fresado e=5cm, e posterior aplicación de rego de adherencia e MBC, AC16 surf 50/70 D, e=5cm.*

*En accesos a garaxe: Base de formigón en masa HM-20, e=15cm e adoquín de granito Blanco Mera 14x14, e= 10 cm.*

*Bordos: serán de Granito Blanco Mera, entre calzada e beirarrúa, e entre calzada e mediana: con bisel de 2x2cm, e de dimensións 15x25 cm; entre calzada e entrada de garaxes; será recto, de dimensións 15x25 cm.*

**2) Redistribución do espazo.**

*Manteranse 2 carrís por sentido de 2,50m. Aparcamento en ambas marxes, tal e como está distribuído na actualidade, en liña ata Oporto, e batería ata Canceleiro, con mediana vexetal central. Mantense o ancho das beirarrúas existentes, 5m cada unha.*

*Nos entronques con Oporto e Canceleiro, proxéctanse sendas rotondas para regulalo tráfico dos cruces.*

**3) Renovación das instalacións de abastecemento, saneamento, iluminación e rego.**

*Proponse a renovación completa da instalación de abastecemento, e da instalación de saneamento de fecais, así como instalar una nova rede de pluviais, dispendo así de un sistema separativo.*

*Proponse a renovación completa da instalación de iluminación. Renovando as farois existentes mediante tratamento de protección superficial dos elementos, e insertando un novo bloque óptico nas mesmas.*

*Executarase unha nova rede de rego, para mediana e xardineiras.*

**4) Mellora do mobiliario existente.**

*Arborado: 8 laurus bola e formación de 14 alcorques de granito,*

*Xardinería: Nova mediana dende Rep. Arxentina ata Oporto con rego e vexetación, Acondicionamento das dúas novas rotondas con elementos vexetais*

*Xardineiras curvas Dispostas en tódalas curvas de entronques e glorietas, de granito.*

*Acondicionamento temático a Rosalía de Castro en Rep. Arxentina (pavimento luminoso e inscrito)*

*Banda conmemorativa de edificacións emblemáticas, integrada no pavimento*

*Integración no entorno dos elementos visuais na rúa do parking: aplacado en pedra dos accesos e formación de asiento nas saídas de ventilación.*

*Sinalización luminosa en paradas de bus e pasos peonís.*

*Bancos: 10 unidades modelo "Neobarmino" de fundición ductil Benito ou similar.*

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE meses.

Á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 23 de setembro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1(1087).- Aprobar o proxecto redactado pola enxeñería GALAICONTROL, para a "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO, FASE 1, ENTRE AS RÚAS REPÚBLICA ARXENTINA E CANCELEIRO" cun orzamento total de 2.000.000 € (DOUS MILLONS DE EUROS), no que se atopa o IVE engadido, e cun prazo de execución de 12 meses.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1088).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: "PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO". EXPTE. 9703/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 1.10.13, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: "Percorridos Medioambientais de Outono", redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 1 de outubro de 2013, que recolle nove rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 2.700 participantes, e diversos cursos de formación medioambiental, que se desenvolveran nos meses de outono, novembro e decembro de 2013.

#### *PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: "PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO"*

##### *CAMIÑO A CAMIÑO 2013*

#### 1. XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROXECTO

O artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorgar competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., na "protección do medio ambiente".

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 7 de febreiro de 2013 (BOP do 06/03/2013) competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos cinco últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra. As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo. Nesta liña, para o outono de 2013 están previsto desenvolver percorridos medioambientais clásicos e en espazos singulares e, tamén, diversas actividades formativas.

As accións previstas son:

Data	Día semana	Horario	Actividade	Usuarios	Desprazamento	Persoal
6 outubro	Domingo	9:00 - 15:00	GR-53: Vigozoo-Lagoa Mol	300	Autobús Urbano	1 Coordinador 6 Monitores 1 Socorrista
13 outubro	Domingo	9:00 - 15:00	GR-53: PF Bandeira – PF Beade	300		
20 outubro	Domingo	9:00 - 15:00	GR-53: PF Beade – Monte Alba	300		
27 outubro	Domingo	9:00 - 15:00	GR-53: Monte Alba - Saiáns	300		
3 novembro	Domingo	9:00 – 19:00	Ecopista do Río Miño (Salvaterra-Salvaterra)	300	Autobús Discrec.	
10 novembro	Domingo	09:00 – 19:00	Ruta circular Baños de Molgas	300		
17 novembro	Domingo	9:00 - 15:00	Río Zamáns	300	Autobús Discrec.	
24 novembro	Domingo	9:00 - 15:00	Río Eifonso	300		
1 decembro	Domingo	9:00 - 15:00	Río Lagares	300		

Datas/horarios	Cursos	Usuarios	Persoal
5, 19, 24, 26 outubro; 2 (dous cursos), 9 de novembro De 9:30 a 14:00 horas.	Cursos de formación medioambiental: voluntariado e hortas urbanas en Vigozoo.	50 voluntariado 90 hortas	2 monitores voluntariado 3 monitores hortas

## 2. ACTIVIDADES: DESCRICIÓN

As actividades realizadas en Vigo e Bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este.

Durante o outono de 2013 está previsto realizar un ciclo de percorridos medioambientais que aborde a Senda Panorámica de Vigo (GR-53), que atravesará a maioría dos parques forestais do Concello de Vigo. Poderase comprobar o estado da flora e da fauna no outono, un período moi especial tanto polo cromatismo como polo estado do hábitat.

Asemade, tamén está previsto visitar lugares singulares do Concello de Vigo (río Zamáns, río Eifonso e río Lagares) na medida que son un bo reflexo dos ecosistemas de ribeira que dispón o termo municipal.

Nestes percorridos, vanse visitar dous espazos singulares: a ecopista do Río Miño, que complementa os percorridos realizados no período de primavera, e o hábitat de Baños de Molgas, de especial riqueza medioambiental no período outonal.

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, tentando nesta edición facer un achegamento particular a familias con rapaces e persoas con mobilidade limitada. O número previsto está en 300 persoas.

Para xestionar a actividade está previsto dispór de 1 coordinador e 6 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre. Adicionalmente, haberá un socorrista.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade ou de colaborar nesta.

As actividades formativas medioambientais realizaranse nas instalacións de Vigozoo e contará con dous ou tres monitores.

### 3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en sábado e domingo.

Ademáis das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base	% IVE	Total IVE	TOTAL
Monitorado (7 percorridos Vigo x 1.750 €/ruta)	12.250,00	21%	2.572,50	14.822,50
Monitorado (2 percorridos fora Vigo x 2.250 €/ruta)	4.500,00	21%	945,00	5.445,00
Transporte en autobús discrecional (2 percorridos x 6 autobuses x 450 €/autobus)	5.400,00	10%	540,00	5.940,00
Monitorado (6 cursos de formación medioambiental x 350 €/curso)	2.100,00	21%	441,00	2.541,00
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>24.250,00</b>		<b>4.498,50</b>	<b>28.748,50</b>

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola disponibilidad orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización,

cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Consellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración (expte. 9685/306), xustificación de axudas públicas (9510/306), (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

#### 4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRIPCIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- *Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).*
- *No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na Lista de agarda os venres ata as 14 horas, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.*
- *Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.*
- *Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas da mesma semana da actividade.*
- *Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.*
- *Opcionais: e-mail.*
- *Cada persoa só poderá inscribir a un total de 5 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.*
- *A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010.*
- *No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.*
- *As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.*
- *Será por conta dos usuarios alimentación, transporte -no seu caso- que*
- *realizarán pola súa conta.*

#### 5. PUBLICIDADE

*O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.*

#### 6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

*Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o participante.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.*

*O participante poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.*

**14(1089).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “PRAZA DA MIÑOCA” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL. EXPTE. 6295/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 19.09.13, o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, do 12.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890011, denominada “Convenio Asociación Veciños A Miñoaca”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade Asociación de Veciños “Praza da Miñoaca”.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños "Praza da Miñoaca" (CIF.- G-36842284), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos seus gastos de mantemento, realizados entre xaneiro e outubro, en particular, os gastos de aluguer de seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o

primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "PRAZA DA MIÑOCA" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL, REALIZADOS ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, EN PARTICULAR, OS GASTOS DE ALUGUER*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Elena Losada Fernández, con DNI 34225285C, en calidade de Presidenta da Asociación de Veciños "Praza da Miñoaca" (CIF: G36842284), con domicilio social na Rúa Eugenio Kraff, nº 30, baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6295/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños,*



sendo a Asociación de Veciños "Praza da Miñoa", unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, entre os fins e actividades da entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñoa", todos eles de interese para a cidadanía viguesa, figuran os seguintes:

- ✓ Atender as múltiples necesidades sociais e culturais dos veciños
- ✓ Atender, instar e solucionar as graves carencias do barrio, no referente ao alumeadado, lugares de recreo, seguridade, ocio, lixo, actividades deportivas...
- ✓ Promoción de accións eficaces, necesarias para garantir os intereses dos seus asociados, favorecendo a promoción integral da persoa a través da solución de problemas colectivos
- ✓ Accións protectoras da propiedade urbana e mercantil obrigada a manter un interese colectivo
- ✓ Promoción do debate público, obxectivo e documentado, sobre calquera problema do barrio

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución de data 23/10/98, a Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 596/98 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de aprofundar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o ano 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento da entidade, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, os gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñoa".

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos seus gastos de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, o aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, necesarios para o seu desenvolvemento, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Actividades formativas, música, danza e deporte	Debuxo e pintura Pilates Informática I e II loga Ximnasia de mantemento Danzas do mundo Tai chi Club de lectura Inglés infantil Sevillanas Cultura Xeral
--	--

	<i>Inglés I e II</i> <i>Conferencia vídeo foro</i> <i>Memoria Activa</i> <i>Pandeireta</i> <i>Gaita</i> <i>Petanca</i> <i>Bixutería</i>
<i>Actividades de lecer</i>	<i>Actividades compartidas</i> <i>Festa do Entroido</i> <i>Festa de San Xoán</i> <i>Marcha popular Día das Letras Galegas</i> <i>Magosto</i> <i>Nadal Veciñal</i> <i>Festivais</i> <i>Excursións</i>

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación programadas para o 2013, mediante a colaboración no financiamento dos seus gastos de mantemento, en particular, os gastos de aluguer do local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, se reflicte no seguinte cadro:

ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO XANEIRO- OUTUBRO (2013)	
<i>Aluguer + imposto</i>	3.540,00 €
<i>Electricidade</i>	727,83 €
<i>Auga</i>	559,52 €
<i>Teléfono</i>	1.129,65 €
<i>Tasas e impostos (LIXO)</i>	164,85 €
<i>Limpeza</i>	800,00 €
<i>Pequenos arranxos</i>	2.146,46 €
<b>TOTAL</b>	<b>9.068,31 €</b>

IX.- Que a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, comunitario, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca", o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa

colaboración, no ámbito sociocomunitario, educativo e cultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar tanta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" unha subvención por importe de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñooca", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar no financiamento dos seus gastos de mantemento, en particular, os gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, en definitiva, para o fomento das mesmas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Veciños "Praza da Miñooca".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.
2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Veciños "Praza da Miñoca", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás....*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu*

*carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*

- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifican gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0049 1788 21 2810010604 (Santander).

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

**15(1090).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PARA O ANO 2013 E DO USO DO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 6257/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 23.09.13, o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, do 19.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 55.000 € (cincuenta e cinco mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 4890014, denominada "Convenio AA.VV. CC. de Teis" incluída no vixente orzamento municipal de 2013.



SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545), cuxo obxecto é o fomento das actividades sociocomunitarias programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración no financiamento dos gastos derivadados da súa programación, organización e execución, así como, para o uso do Centro Cívico Municipal de Teis, que se pon á súa disposición para o desenvolvemento daquelas e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 55.000 € (cincuenta e cinco mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS PREVISTAS POLA ENTIDADE PARA O ANO 2013, ASÍ COMO, PARA O USO DO CENTRO CÍVICO DE TEIS*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo con DNI 35891051-B, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545) con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo, e en representación da mesma, segundo resulta da documentación incorporada ao expediente núm. 6257/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### *MANIFESTAN*

*I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola de-*

*mocracia participativa como complemento e profundizar na democracia representativa.*

*A tal fin, o Concello de Vigo reconece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*Dentro do tecido social dos barrios e parroquias que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Asociación de Veciños de Teis, a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.*

*II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a Asociación de Veciños de Teis atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 77-78.*

*III.- Que a entidade “Asociación de Veciños de Teis”, conforme ao establecido nos seus Estatutos asume, entre outros fins:*

- Desenvolver actividades educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as, así como, dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- Fomentar a recuperación da cultura galega e a normalización da nosa lingua.*
- Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas da nosa parroquia.*
- Defender, fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.)*
- Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

*Todas estas actividades, resultan de gran interese para a veciñanza, tanto do barrio de Teis, coma para o resto de veciños e veciñas da cidade, e o Concello de Vigo dispón, no Centro Cívico de Teis (de titularidade municipal) das instalacións axeitadas para acoller a organización e desenvolvemento das referidas actividades.*

*IV.- Que o Concello de Vigo ten en funcionamento, no barrio de Teis, un Centro Cívico, infraestrutura sociocomunitaria de proximidade á cidadanía, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no senso mais amplo do termo, que posibilita un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.*

*V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Veciños de Teis leve a cabo a programación, organización e execución dos proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas pola entidade para o 2013, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, pondo á súa disposición, a infraestrutura necesaria (Centro Cívico Municipal de Teis), que deberá manterse e conservarse coa debida dilixencia, emprendendo as accións necesarias para o seu efectivo cumprimento.*

VI. As actividades subvencionadas son as programadas pola Asociación de Veciños de Teis para o 2013, tanto as que se leven a cabo no Centro Cívico Municipal de Teis, cuxo uso se pon a súa disposición, conforme ao disposto no pacto segundo do presente convenio, como no seu local social ou en calquera outro espazo adaptado ás necesidades da actividade en cuestión.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada "Convenio AAVV CC Teis", nominativa a favor da Asociación de Veciños de Teis, cunha consignación de 55.000 € para a celebración deste convenio.

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades planificadas pola entidade para o ano 2013, colaborando no financiamento dos gastos necesarios para a súa programación, organización e execución, pondo á súa disposición o Centro Cívico Municipal de Teis, segundo memoria de actividades e orzamento achegados pola entidade e que se reflicte a seguir:

GASTOS LABORAIS	
Nómina + SS Técnico cultural	19.759,20 €
Nómina + SS Auxiliar administrativa	15.084,10 €
Nómina + SS Animadora sociocultural	9.216,83 €
<b>TOTAL</b>	<b>44.060,13 €</b>
GASTOS DE FUNCIONAMENTO	
Seguros	893,00 €
Prensa	642,00 €
Asesoría	800,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.335,00 €</b>
GASTOS DE PROGRAMACIÓN (ACTIVIDADES)	
Ludoteca	1.280,00 €
Samahín	440,00 €
Clube lectura	1.300,00 €
Ximnasia maiores	800,00 €
Publicidade cursos e actividades	724,87 €
Magosto	400,00 €
Certame narrativa	500,00 €
Maratón fotográfico Teis	500,00 €
Papelería, material funxible	600,00 €
Varios	600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.604,87 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>55.000,00 €</b>

*IX.- Que a entidade Asociación de Veciños de Teis, non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.*

*X.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Veciños de Teis", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

### PACTOS

*Primeiro.- A entidade "Asociación de Veciños de Teis" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, levando a cabo a programación, organización e execución das súas actividades sociocomunitarias planificadas para o 2013, e a manter e conservar a infraestrutura municipal que, no seu caso, as albergue, en particular:*

- 1. A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución dos proxectos e actividades contemplados na memoria achegada, de xeito que, de ser o caso, o uso da infraestrutura municipal, previa autorización por parte da concellería, destinárase a fins de natureza sociocomunitaria, en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación, sen prexuízo da súa utilización por outros usuarios, previa autorización do Concello.*
- 2. Comunicar á Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicárase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.*
- 3. Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e incluíndo ao Concello como un dos asegurados, así como a responsabilidade civil que ampare calquera dano que poida ocasionarse no local polos actos ou omisións de carácter negligentes, cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.*
- 4. Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e o contido.*
- 5. Farase cargo dos gastos derivados da programación, organización e execución das actividades sociocomunitarias desenvolvidas, e dos gastos de mantemento e conservación da infraestrutura e equipamento, así como, os consumos de teléfono que teña a oficina administrativa que ocupen de forma permanente e exclusiva durante a vixencia do convenio, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.*
- 6. Contratará a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da execución dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro.*
- 7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellaría de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final xunto as correspondentes memorias*

*económicas, nos termos sinalados cláusula novena deste convenio, así como as balance económico anual, e inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.*

*8. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*

*9. Informará, colaborará e implicará as diferentes entidades do barrio no proxectos do centro e na súa xestión.*

*10. A Asociación velará polo bo uso e conservación de todas as instalacións que conforman o centro, así como, do mobiliario e do material para as actividades existentes, respondendo das perdas de/ou deterioro.*

*11. Coordinarase e colaborará coas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.*

*12. Aboará as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.*

*13. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*

*14. Comezar as actividades á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*

*15. Devolver o espazo ocupado co seu equipamento, nas mesmas condicións da entrega. As perdas e deterioro dos materiais ou instalacións.*

*16. Comunicarlle ao Concello a obtención doutras axudas que para a mesma finalidade reciba doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.*

*17. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, mediante a inserción en lugar destacado (portada e contraportada, no seu caso) o logotipo oficial do Concello de Vigo, así como, a lenda que se determine. O logotipo, que será subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá, reflectirá que son actividades subvencionadas pola concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa e as condicións da cláusula sexta deste convenio.*

*18. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para os beneficiarios.*

*19. Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades.*

*20. As actividades, servizos ou programas ofertados pola asociación poderán conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.*

*21. Asumir as responsabilidades que procedan da realización dos programas que se financian, en particular, a contratación laboral do persoal adscrito ós diferentes programas conveniados e ás responsabilidades derivadas desa contratación que resultan da súa exclusiva competencia. O*

persoal adscrito aos diferentes programas deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e saúde laboral, referida ao propio persoal ao seu cargo. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao mencionado persoal.

22. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.

23. Editar e distribuír o material preciso para o desenvolvemento das actividades subvencionadas neste convenio. Neste senso, para cada unha das actividades previstas deberán realizarse 150 carteis como mínimo, así como complementar a información en prensa e radio. Nos mesmos deberán aparecer o logotipo do Concello de Vigo , facéndose extensible esta cuestión para as placas dos trofeos, carpeta, distintivos, placa do despacho da asesoría veciñal, e outros elementos que se realicen.

24. Realizar a apertura e peche das instalacións, así como, do control de acceso ás mesmas durante o seu horario de funcionamento. Considérase período vacacional o mes de agosto.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Achegar a infraestrutura e mobiliario necesarias para un correcto desenvolvementos das actividades conveniadas.

Dentro da inmobile municipal emprázanse os seguintes espazos destinados, xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

EDIFICIO DE SERVIZOS:

Planta semisoto:

- Unha sala de reunións polivalente.
- Un taller de cociña.
- Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

- Un centro de atención municipal (CAM).
- Unha oficina de administración e xestión.
- Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

- Unha aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e información.
- Dúas aulas de formación.
- Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

- Unha documenteca asociativa.

AUDITORIO:

- Un auditorio-teatro.
- Unha sala de conferencias.
- Unha sala de exposición temporais.
- Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.
- Unha taquilla para despacho de entradas.

OUTRAS INSTALACIÓNS:

- Pista polideportiva cuberta con vestiarios e peche perimetral.
- Parque infantil.

*A xestión do centro e a autorización de uso dos seus espazos polos usuarios corresponde, en exclusiva, ao Concello de Vigo.*

*A oficina administrativa situada na planta baixa poderá ser ocupada pola Asociación de Veciños de Teis, con carácter permanente e exclusivo, durante a vixencia deste convenio.*

*A aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e información e a sala de estudos/biblioteca (planta primeira), así como, a documenteca asociativa (planta segunda), serán de utilización libre polos usuarios, en horario de apertura do centro e respectando a súas normas de funcionamento, sen necesidade de solicitude previa de utilización, ata o seu aforo máximo permitido.*

*O resto de espazos do inmovible, agás o Centro de Atención Municipal (CAM-planta baixa), a oficina administrativa do soto 1º e a Documenteca Asociativa (segundo andar), que serán de utilización municipal exclusiva, poderán ser utilizados pola Asociación de Veciños de Teis, previa comunicación, por escrito, á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, cunha antelación mínima de 15 días naturais do lugar, data e hora de inicio da actividade, así como, programación do acto para o que se solicita, quedando condicionada a autorización do uso a que o local onde se pretenden levar a cabo as actividades estea dispoñible na data e hora solicitadas.*

*En todo momento, o Concello de Vigo respetará os principios de igualdade no acceso ao uso destes espazos públicos, así como, de prioridade temporal en canto á recepción de solicitudes.*

*O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Considérase período de vacacións o mes de agosto.*

*Sen prexuízo do horario de apertura das instalacións, estas poderanse utilizar fóra do horario habitual, previa autorización do servizo de Participación e Atención Cidadá. Este tipo de uso, así como, o procedemento a seguir quedará regulado polo regulamento provisional de réxime interno do centro, en tanto non se aprobe un definitivo polo órgano municipal competente.*

*2. Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendios, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), vixilancia e seguridade, limpeza, consumo de auga, subministracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral.*

*3. Asumir os gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestruturas da totalidade do Centro Cívico. Así como, a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control dos subministros que sexan necesarios incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.*

*4. Conceder directamente á entidade "Asociación de Veciños de Teis" unha subvención por importe de 55.000,00 €, con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890014, denominada "Convenio AAVV CC Teis" do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da programación, organización e execución das actividades sociocomunitarias prevista pola entidade para o ano 2013, para cuxo desenvolvemento se pon á disposición da Asociación o Centro Cívico Municipal de Teis.*

5. *Respectar a estrutura organizativa da da Asociación de Veciños de Teis e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.*

6. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das actividades conveniadas.*

7. *Determinar á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula novena, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- De conformidade cos artigos 29 LXS e 68 do RLXS, a Asociación de Veciños de Teis, previa comunicación ao Concello de Vigo, poderá subcontratar as actividades, entendendo que concerta con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Establecese un porcentaxe do 50 % do importe da actividades subvencionadas como cantidade máxima posible a subcontratar. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo, en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir coas seguintes condicións:*

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.*
- A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.*
- Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas: carteis, programas, pancartas, web ...*
- De cada material editado, entregaranse 2 exemplares ao Concello.*



- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc. deberán estar previamente acordadas coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.
- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.
- En toda a información gráfica editada, relacionada coas áreas obxecto do convenio, figurará o logotipo oficial do Concello de Vigo, que deberá ocupar, cando menos o 15% do espazo, en lugar destacado (portada e contraportada, no seu caso) do impreso, cartel, etc... Así mesmo, poderá figurar o anagrama da Asociación de Veciños de Teis, podendo aparecer outras lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha delas achegue.
- O Concello dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

Sétimo.-Para o seguimento das actuacións e do cumprimento dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado , que ostentará a Presidencia.
- Tres vocais:
  - Un/unha funcionario/a adscrito a dita Concellaría
  - Dous membros da xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, reuníndose de forma ordinaria unha vez ao trimestre, na data en que se indique na sesión constitutiva.

Para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros.

O Presidente decidirá, co seu voto, os empates que se produzan respecto dos acordos que, nas funcións que son propias da Comisión, se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar e aprobar o programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños de Teis para cada trimestre no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.
- d) Controlar o bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.
- e) Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades e de mantemento do centro.
- f) Procurar a participación doutras entidades públicas e privadas no financiamento e desenvolvemento dos programas e actividades.
- g) Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Veciños de Teis mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrència das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns....*

- *se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- *para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- *o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- *xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.*

*f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

i) copias dos seguros de responsabilidade civil e de incendio.

j) inventario actualizado dos bens mobles e inmobles do local ou infraestrutura municipal onde a entidade levou a cabo a actividades subvencionadas.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5127 61 3040001348 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro .- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.*

**16(1091).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, MEDIANTE FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL. EXPTE. 6302/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 26.09.13, o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, do 19.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 3.784,24 € (tres mil setecentos oitenta e catro euros e vinte e catro céntimos), con cargo á partida presupostaria nº 9240.48900002, denominada “*Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2013, a favor da entidade *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo*.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo* (CIF.- G-36820637), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2013, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento do seu local social situado na Rúa Colombia, 17- baixo (Vigo), necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 3.784,24 € (tres mil setecentos oitenta e catro euros e vinte e catro céntimos).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE AMIGOS DEL ROCÍO DE VIGO, PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2013, AXUDANDO ECONÓMICAMENTE AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL, REALIZADOS ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil trece*

## REUNIDOS

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Julinda Cardoso Baptista, con DNI 36024754-S, en calidade de presidenta da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo (CIF: G-36820637), con domicilio social na Rúa Colombia, nº 17- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6302/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

## MANIFESTAN

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, humanitarias veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento e apoio humanitario e benéfico, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, sociais, benéficos, educativos, formativos..., sendo a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha das máis importantes asociacións neste ámbito.*

*III.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- ✓ Humanitarios: axudas a nivel local, nacional e internacional*
- ✓ Culturais: conferencias, cursos, excursións, exposicións, festas, concertos do coro, visitas culturais, ...*
- ✓ Festivais benéficos*
- ✓ Relixiosos: misas rocieiras, novenas, excursións ao Rocío...*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 08/04/97, a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 515/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo leve a cabo os seus proxectos e actividades planificadas para o ano 2013, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo realizados entre os meses de xaneiro a outubro e necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no capítulo IV (“Transferencias correntes”) do seu vixente orzamento municipal (2013), a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada “Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro”.

VII.- As actividades programadas pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de mantemento do local da entidade situado na Rúa Colombia, 17- baixo, son, segundo proxecto incorporado ao expediente, as seguintes:

PROGRAMA ACTIVIDADES 2013	
Axuda humanitaria	- roupeiro - doazón alimentos - axuda para Lorca e Burkina Faso
Cursos	- percusión e canto tradicional galego - baile de sevillanas - vainicas, calceta e ganchillo - bolillos e frivolité - pintura - coiro - bordado - danzas do mundo - psicoloxía
Outras	- festas: Rocío, Carnaval, San Xoán, Santos, Nadal - excursións: Rocío, Vigo, Galicia e Portugal - Coro rociero “Virxen do Rocío” - xogos de mesa - reunións e charlas coloquio - exposicións

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade para o ano 2013, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento do local social, situado na Rúa Colombia, 17- baixo (Vigo), realizados entre os meses de xaneiro a outubro e necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:



**ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO DO LOCAL SOCIAL**

CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	TOTAL PUNTOS	ORZAMENTO	IMPORTE	TOTAL	
7	G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	6183-320	Gastos de mantemento: Teléfono e internet; auga; gas, limpeza; prensa; luz; fontanería; asesoría; seguro; administración; material de oficina	53	8.234,93 €	2.306,83 €	<b>4.640,76 €</b>
			6184-320	Ordenador 24 cadeiras; 2 armarios de persiana Canón proxector e pantalla de proxección Letreiro	45	2.481,35 €	2.333,93 €	
8	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	6205-320	Gastos de mantemento: teléfono; ADSL; Fax; gasóleo calefacción; luz; seguro centro; lixo; papelería	61	6.664,34 €	2.655,03 €	<b>4.839,92 €</b>
			6206-320	Ordenador portátil 6 soportes micrófonos; 6 pinzas de micrófono	53	869,79 €	434,89 €	
			6207-320	Colocación dunha porta e catro ventás en aluminio branco	55	2.193,21 €	1.750,00 €	
9	G-36659829	A.V. De Coruxo	6158-320	Gastos de mantemento: suministros; mantemento local e equipos; impostos e taxas; asesoría; material oficina; encadernacións; correo; fotocopias; boletíns informativos	51	1.600,00 €	1.600,00 €	<b>1.600,00 €</b>
10	G-36842284	A.V.V. Da Miñoca	6218-320	2 ordenadores portátiles; tablet Cizalla; grampadora; calculadora	54	1.691,55 €	1.691,55 €	<b>1.691,55 €</b>
11	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	6155-320	Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; limpeza; seguro local; extintores	66	3.660,00 €	2.872,66 €	<b>5.728,86 €</b>
			6156-320	Impresora Soporte baffle Persianas venecianas	60	514,90 €	514,90 €	
			6157-320	Cambio de luces e pintura do interior do local social	58	2.926,63 €	2.341,30 €	
12	G-36645885	A.VV Casco Vello	6211-320	Gastos de mantemento: electricidade; produtos limpeza; avarías; teléfono; seguros; asesoría; correos; seguridade; oficina	65	7.020,00 €	2.829,14 €	<b>6.096,64 €</b>
			6212-320	Ordenador 66 cadeiras; 6 mesas; andel Cámara vídeo	63	6.002,07 €	3.267,50 €	
13	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	6192-320	Subministro e instalación teito, puntos de luz para focos, estrutura de aluminio para soporte, proxectores iluminación, lámpadas	64	18.455,78 €	5.966,10 €	<b>5.966,10 €</b>
14	G-36640860	A.V.C.U. Val do Fragoso	6151-320	Gastos de mantemento: luz; teléfono; alarma; climatización; seguro asociación; seguro responsabilidade civil; asesoría; desratización; ascensor; extintores	61	7.602,00 €	2.655,03 €	<b>7.492,93 €</b>
			6152-320	Equipo de son	47	89,00 €	89,00 €	
			6153-320	Eliminación de humidades no edificio: illamento parcial de cuberta	57	5.936,13 €	4.748,90 €	
15	G-36648293	A.V. Do Calvario	6130-320	Gastos de mantemento: Luz; auga; teléfono; material oficina; informática; extintores; limpeza; correos; seguros; imposto lixo; asesoría	68	5.875,98 €	2.959,71 €	<b>2.959,71 €</b>
16	G-36632081	A.V.C.V.- C.S.C.R de Beade	6159-320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; limpeza; seguros; asesoramento; dous administrativos	86	40.243,01 €	3.000,00 €	<b>19.988,19 €</b>
			6161-320	8 pantallas ordenador; 3 ordenadores; 11 ratos 5 mesas; 20 cadeiras; 25 separadores libro 2 proxectores 1 triplo tambor; 2 pandeiretas	64	5.383,53 €	3.319,37 €	
			6160-320	Arranxo de cuberta: elaboración e montaxe de cerramento de cubertas e de canlón de aceiro galvanizado	80	21.940,18 €	13.668,82 €	

<i>Aluguer + imposto</i>	2.554,29 €
<i>Limpeza</i>	600,00 €
<i>IBI</i>	177,92 €
<i>Material de oficina</i>	260,13 €
<i>Pequeños arranxos</i>	191,90 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.784,24 €</b>

*XI.- Que a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo non está incurso en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.*

*X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito socioasistencial e humanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

#### PACTOS

*Primeiro.- A entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, a balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo unha subvención por importe de 3.784,24 € (tres mil setecentos oitenta e catro euros e vinte e catro céntimos), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890002, denominada "Subvencións locais asociacións sen ánimo de lucro", do vixente orzamento municipal (2013), co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento do local da asociación, situado na Rúa Colombia, 17- baixo, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades para o ano 2013, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita ao requisito de publicidade no diario oficial correspondente, de conformidade co art. 18.1 da Lei Xeral de Subvencións.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2013.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación Gallega de Amigos del Rocío de Vigo, mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 2 de novembro de 2013.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarse cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a

*suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta que:*

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albaráns...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de retención e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*

- o IRPF e o IS serán subvencionables cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. No seu caso, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0531 10 3040008569 (Novagalicia Banco)

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2013, no período comprendido entre o 01/01/13 e o 31/10/13.

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2013.

### 17(1092).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E PARTICIPACION CIDADÁ DO ANO 2013. EXPTE. 6208/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.10.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión de Atención e Participación Cidadá, do 18.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG e Base Décimo Primeira.8), ás trinta e sete (37) que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada “Subvencións a entidades cidadás e sindicatos”, cunha dotación de 82.885 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada “Transferencias de Capital Asociacións”, dotada con 170.000,00 €, subvención en concepto de “Gastos de mantemento” (Programa I), “Gastos en investimento: equipamento” (Programa II) e/ou “Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles” (Programa III), correspondentes á “Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013”, polo contía total que se reflicte a seguir:

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	TOTAL PUNTOS	ORZAMENTO	IMPORTE	TOTAL
1	G-27762434	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	6146-320	Gastos de mantemento: Teléfono; luz; avarías; asesoría; aluguer; material oficina	44	7.108,00 €	1.915,11 €	5.416,06 €
			6147-320	Impresora color Láser- Fax/copiadora/impresora/escáner Rótulo exterior; televisión; Dvd; 3 carpas	41	5.750,00 €	2.126,47 €	
			6148-320	Reforma do local social: pintado	37	1.718,10 €	1.374,48 €	
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	6129-320	Gastos de mantemento: auga; luz; gasóleo; teléfono; limpeza; seguro local e responsabilidade civil; material oficina; reparacións	79	18.100,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	6171-320	Gastos de mantemento: teléfono; limpeza; auga; avarías; luz; seguros; franqueo cartas; imposto lixo; comunidade; administrativo; material oficina	61	6.801,08 €	2.655,03 €	2.655,03 €
4	G-36649325	Asociación Veciñal “O Carballo” de Sárdoma	6185-320	Gastos de mantemento: reparacións; limpeza; luz; auga; teléfono; seguro do local; material de oficina; outros gastos de material; prensa; extintores	68	8.794,74 €	2.959,71 €	7.465,63 €
			6186-320	Máquina de coser Alfombras	59	450,00 €	450,00 €	
			6187-320	Subministro e colocación de tarima flotante	64	5.069,90 €	4.055,92 €	
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	6201-320	Gastos de mantemento: auga; electricidade; teléfono; limpeza local; mantemento informático; pequenos arranxos; seguros; impostos; xestoría; material oficina	69	12.672,00 €	3.000,00 €	15.985,38 €
			6202-320	Restauración do muro da asociación	76	175.475,74 €	12.985,38 €	
6	G-36646545	Asociación Veciñal de Teis	6236-320	Proxector audiovisuais 2 mesas	50	1.590,00 €	1.590,00 €	1.590,00 €



	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	TOTAL PUNTOS	ORZAMENTO	IMPORTE	TOTAL
7	G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	6183-320	Gastos de mantemento: Teléfono e internet; auga; gas, limpeza; prensa; luz; fontanería; asesoría; seguro; administración; material de oficina	53	8.234,93 €	2.306,83 €	<b>4.640,76 €</b>
			6184-320	Ordenador 24 cadeiras; 2 armarios de persiana Canón proxeccion e pantalla de proxección Letreiro	45	2.481,35 €	2.333,93 €	
8	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	6205-320	Gastos de mantemento: teléfono; ADSL; Fax; gasóleo calefacción; luz; seguro centro; lixo; papelería	61	6.664,34 €	2.655,03 €	<b>4.839,92 €</b>
			6206-320	Ordenador portátil 6 soportes micrófonos; 6 pinzas de micrófono	53	869,79 €	434,89 €	
			6207-320	Colocación dunha porta e catro ventás en aluminio branco	55	2.193,21 €	1.750,00 €	
9	G-36659829	A.V. De Coruxo	6158-320	Gastos de mantemento: suministros; mantemento local e equipos; impostos e taxas:asesoría; material oficina; encadernacións; correo; fotocopias; boletíns informativos	51	1.600,00 €	1.600,00 €	<b>1.600,00 €</b>
10	G-36842284	A.V.V. Da Miñoa	6218-320	2 ordenadores portátiles; tablet Cizalla; grampadora; calculadora	54	1.691,55 €	1.691,55 €	<b>1.691,55 €</b>
11	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	6155-320	Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; limpeza; seguro local; extintores	66	3.660,00 €	2.872,66 €	<b>5.728,86 €</b>
			6156-320	Impresora Soporte baffle Persianas venecianas	60	514,90 €	514,90 €	
			6157-320	Cambio de luces e pintura do interior do local social	58	2.926,63 €	2.341,30 €	
12	G-36645885	A.VV Casco Vello	6211-320	Gastos de mantemento: electricidade; produtos limpeza; avarías; teléfono; seguros; asesoría;correos; seguridade; oficina	65	7.020,00 €	2.829,14 €	<b>6.096,64 €</b>
			6212-320	Ordenador 66 cadeiras; 6 mesas; andel Cámara vídeo	63	6.002,07 €	3.267,50 €	
13	G-36623593	A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos	6192-320	Subministro e instalación teito, puntos de luz para focos, estrutura de aluminio para soporte, proxectores iluminación, lámpadas	64	18.455,78 €	5.966,10 €	<b>5.966,10 €</b>
14	G-36640860	A.V.C.U. Val do Fragoso	6151-320	Gastos de mantemento: luz; teléfono; alarma;climatización;seguro asociación; seguro responsabilidade civil; asesoría; desratización; ascensor; extintores	61	7.602,00 €	2.655,03 €	<b>7.492,93 €</b>
			6152-320	Equipo de son	47	89,00 €	89,00 €	
			6153-320	Eliminación de humidades no edificio: illamento parcial de cuberta	57	5.936,13 €	4.748,90 €	
15	G-36648293	A.V. Do Calvario	6130-320	Gastos de mantemento: Luz; auga; teléfono; material oficina; informática; extintores; limpeza; correos; seguros; imposto lixo; asesoría	68	5.875,98 €	2.959,71 €	<b>2.959,71 €</b>
16	G-36632081	A.V.C.V.- C.S.C.R de Beade	6159-320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; limpeza; seguros; asesoramento; dous administrativos	86	40.243,01 €	3.000,00 €	<b>19.988,19 €</b>
			6161-320	8 pantallas ordenador; 3 ordenadores; 11 ratos 5 mesas; 20 cadeiras; 25 separadores libro 2 proxectores 1 triplio tambor; 2 pandeiretas	64	5.383,53 €	3.319,37 €	
			6160-320	Arranxo de cuberta: elaboración e montaxe de cerramento de cubertas e de canlón de aceiro galvanizado	80	21.940,18 €	13.668,82 €	

17	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saïans	6123-320	Gastos de mantemento: electricidade; telefonía; seguro Resp. Civil; asesoría laboral e xurídica; gastos persoal	63	7.413,50 €	2.742,08 €	<b>15.105,85 €</b>
			6124-320	Caldeira de biomasa Micrófono	61	5.320,00 €	3.163,77 €	
			6125-320	1ª Fase-illamento, revestimento e pintado na planta alta do local social	66	11.500,00 €	9.200,00 €	
18	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	6197-320	Gastos de mantemento: Teléfono; electricidade; asesoría; protección de datos	54	1.536,15 €	1.536,15 €	<b>1.627,45 €</b>
			6198-320	Trituradora papel	54	91,30 €	91,30 €	
19	G-36659894	A.V. De San Roque	6126-320	Gastos de mantemento: Auga; comunidade; teléfono; limpeza; avarías; impostos municipais; seguro	55	4.491,05 €	2.393,88 €	<b>4.161,14 €</b>
			6127-320	Portátil; rato; tarxeta SD; impresora Cámara de fotos; TV Microondas	53	1.106,24 €	1.106,24 €	
			6128-320	Arranxo de sala informática e oficina: empastado de gretas, lixado e pintado de paredes e teito	52	826,28 €	661,02 €	
20	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	6194-320	Gastos de mantemento: Luz; auga; teléfono; asesoría; seguros; lixo; IBI	71	10.140,00 €	3.000,00 €	<b>15.009,37 €</b>
			6196-320	2 PC sobremesa; PC portátil Estantes desmontables Equipo de son; mesa de son	64	4.500,00 €	3.319,37 €	
			6195-320	Reforma e conservación de locais: ampliación de ludoteca; peche da zona de bomba e válvulas do estanque; reparación e pintado no corredor dos vestiarios do salón de actos; reparación de tellado da zona de entrada	68	10.868,00 €	8.690,00 €	
21	G-36684991	A. VV. "As Fontes" de Lavadores	6216-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; seguros; impostos	52	5.200,00 €	2.263,31 €	<b>2.563,31 €</b>
			6217-320	Mesa oficina	46	300,00 €	300,00 €	
22	G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	6184-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; avarías; limpeza; asesoría; seguro; alarma; lixo	55	3.378,31 €	2.393,88 €	<b>2.393,88 €</b>
23	G-36649374	A.A.V.V. Nosa Terra de Alcabre	6209-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; seguro local; alarma	56	3.168,23 €	2.437,41 €	<b>4.120,31 €</b>
			6210-320	Equipo de son Equipo de vídeo-gravación	52	1.682,90 €	1.682,90 €	
24	G-36648608	A.V. De Navia	6188-320	Gastos de mantemento : Lixo; auga; luz; xornais; teléfono; internet; reparación estufa; tacos tallos; papel impresora; lámpadas; seguros anuais; asesoría; seguro temporal; gastos persoal	67	8.348,67 €	2.916,01 €	<b>19.888,93 €</b>
			6189-320	Fotocopiadora – impresora – fax Cadeira oficina Megafonia exterior; mecanismo apertura pano escenario	67	9.509,65 €	3.474,96 €	
			6190-320	Reparación, limpeza e pintado de remate comixa, parte baixa terraza exterior, balconada metálica en terrazas exteriores e estrutura metálica de pérgola e parte inferior terraza exterior, cambio piso oficina	79	23.267,80 €	13.497,96 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	TOTAL PUNTOS	ORZAMENTO	IMPORTE	TOTAL
25	G-36863348	U.V.C.D.Candeán	6179-320	Gastos de mantemento: Gasoil calefacción; luz; auga; teléfono; seguros; lixo	70	10.870,00 €	3.000,00 €	<b>9.897,50 €</b>
			6180-320	Vitrinas Equipo de son Cortinaxe	63	3.900,00 €	3.267,50 €	
			6181-320	Construción de marquesiña en acceso a edificio	58	4.537,50 €	3.630,00 €	
26	G-36622793	A.V.V Cristo da Victoria de Coia	6222-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono e internet; gas; ferretería; seguro; material oficina; mantemento fotocopiadora; páxina web; mantemento alarma;	64	8.982,67 €	2.785,61 €	<b>11.687,69 €</b>
			6223-320	12 Monitor; 12 placa ATX; 12 Windows 8; 12 Hardware Megafonía	62	12.761,14 €	3.215,64 €	
			6224-320	Reparación de cuberta (reparación tuberías desaugue augas pluviais, subministro e colocación falso teito desmontable, aplicación de pintura con reparación de superficies, subministro e colocación de lámina)	61	13.352,99 €	5.686,44 €	
27	G-36648996	A.C.R.D. Pardavila	6228-320	Gastos de mantemento: Auga; internet e telefonía; electricidade; seguro edificio; recollida de lixo; alarma e seguridade; mantemento impresora	57	4.563,00 €	2.480,93 €	<b>16.016,17 €</b>
			6229-320	Fotocopiadora a cor; 2 ordenadores de sobremesa 5 estores 4 altosfalantes, megafonía interna con mesa de mezclas e cableado Forno	59	5.990,00 €	3.060,04 €	
			6230-320	Pintura interior do local, pintura exterior de reixas e portas, subministro e colocación de biombo de aluminio; estrutura de madeira, telón frontal, pantalla e reparación de escenario	67	13.094,00 €	10.475,20 €	
28	G-36972024	Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio	6219-320	Ordenador; 4 monitores; portos HUB USB;;extensión cable portos; Pen Drive; pantalla mural e soporte Escaleira Material eléctrico, lámpadas, transformador, conexión VGA	41	1.470,62 €	1.470,62 €	<b>2.194,62 €</b>
			6220-320	Realización de armario encaixado, altito para almacenamento, espellos e bastidores	41	1.071,09 €	724,00 €	
29	G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	6231-320	Gastos de mantemento: Teléfono, rexistro dominio e páxina web; seguro; asesoría; aluguer local para asemblea; arrendamento local social; material funxible; gastos xerais	34	2.645,42 €	1.479,85 €	<b>3.243,26 €</b>
			6232-320	Ordenador e impresora 4 Estantes; 6 mesas auxiliares; 1 mesa despacho Equipo de son; grupo electróxico, 2 focos e 2 prolongadores	34	2.014,40 €	1.763,41 €	
30	G-36633428	S.C.D.R Helios-Bembrive	6233-320	Gastos de mantemento: Limpeza; electricidade; taxa lixo; seguro	56	4.996,75 €	2.437,41 €	<b>6.427,81 €</b>
			6234-320	Remo ergómetro; máquina de glúteos; cruce de poleas; táboa de abdominais; set de balóns e fitball	55	2.500,00 €	2.500,00 €	
			6235-320	Substitución das limas das cubertas por unhas de butilo	49	1.863,00 €	1.490,40 €	
31	G-36620854	S.C.D. Atlántida de Matamá	6172-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; limpeza; alarma; teléfono; fax; seguros; lixo; IBI, material de oficina e envío publicacións	66	19.000,00 €	2.746,18 €	<b>7.663,34 €</b>
			6173-320	Proxector multimedia	48	4.016,53 €	2.489,52 €	
			6174-320	Instalación persiana aceiro inoxidable e motor na entrada ao local social	47	3.034,56 €	2.427,64 €	
32	G-36631703	S.C.D.R. "Nautilus"	6239-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; gasóleo; papelería; material limpeza; avarías; seguros; impostos; asesoría	53	7.700,00 €	2.306,83 €	<b>8.924,85 €</b>
			6240-320	44 cadeiras; 11 mesas	48	4.100,20 €	2.489,52 €	
			6241-320	Arranxos local social: pintado interior, portas e abrillantado de pisos	46	5.160,73 €	4.128,50 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	TOTAL PUNTOS	ORZAMENTO	IMPORTE	TOTAL
33	V-36626802	Centro Cultural Rueiro	6131-320	Gastos de mantemento: Artigos de limpeza; mantemento programas informáticos; material de oficina; fotocopias	41	1.252,10 €	950,00 €	<b>1.935,00 €</b>
			6132-320	Disco duro extraíble; maletín para ordenador; maletín para impresora; 8 cadeiras; 5 altofalantes de exterior e interior	42	1.140,00 €	985,00 €	
34	G-36628543	A.C.D.Xestas	6122-320	Gastos de mantemento: Seguridade electricidade; teléfono; seguro; taxa lixo	47	3.186,97 €	2.045,68 €	<b>2.045,68 €</b>
35	V-36658680	C.C.R.de Cabral	6175-320	Gastos de mantemento: Auga; teléfono; luz; limpeza; seguros; lixo; gasoil	62	7.566,49 €	2.698,56 €	<b>8.152,79 €</b>
			6176-320	Ordenador; impresora; mesa Moble combinación de vitrina e caixóns Cadeira oficina	57	3.048,00 €	2.956,31 €	
			6177-320	Restauración de teitos e paredes e pintado	55	3.122,40 €	2.497,92 €	
36	G-36617082	C.C.R. De Valladares	6242-320	Gastos de mantemento: Electricidade; telefonía; imposto Bens Inmóviles; taxa lixo; seguro ludoteca; mantemento extintores; mantemento equipos informáticos	71	3.850,00 €	3.000,00 €	<b>6.682,42 €</b>
			6243-320	Fotocopiadora	71	6.454,77 €	3.682,42 €	
37	V-36627495	C.R.A.C.Coruxo	6203-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; gasóleo; limpeza; prensa; pequenas avarías; internet; lixo; contribución; seguros; material oficina; correos	66	10.350,00 €	2.862,83 €	<b>6.026,60 €</b>
			6204-320	Equipo de son; iluminación salón de actos Proxector	61	7.494,29 €	3.163,77 €	

SEGUNDO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG e Base Sexta.2, ás seis (6) entidades que se relacionan, a súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias, en concreto, por non estar inscritas a asociacións solicitantes nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do RMA, que segundo as Bases primeira, apartado d) e segunda habilitaban para concorrer nesta convocatoria pública :

Nº	CIF	ENTIDADE	EXPTES E PROGRAMAS
1	G-36790046	Asociación de Emigrantes Senegaleses Residentes en Vigo	6149-320 (P II) 6150-320 (P I)
2	G-27771583	Asociación Lagares Vigo	6178-320 (P I)
3	G36846152	Asociación ARELA	6193-320 (P I)
4	G-36784296	Asociación Veciñal Movemento Cidadán "O NOSO BARRIO"	6199-320 (P I)
5	G-27739861	Asociación Cultural Traspés	6213-320 (P I) 6214-320 (P II) 6215-320 (P III)
6	G-36776920	Asociación de Familiares Enfermos de Alzheimer "AFAGA"	6225-320 (P I) 6226-320 (P II) 6227-320 (P III)

TERCEIRO: DESESTIMAR parcialmente, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.9 da convocatoria, as solicitudes de tres (3) asociacións, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

<i>CIF</i>	<i>ENTIDADES</i>	<i>PROGRAMA</i>	<i>EXPTE/S</i>
G-36623593	A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos	I	6191/320
G-36646545	Asociación Veciñal de Teis	I	6237/320
G-36617082	C.C.R. De Valladares*	III	6244/320

CUARTO: ACCEDER ao interesado pola entidade A.V.C.D. Sampaio (G-36648103), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, con data 08/08/13 ((doc. 130094278) e, en consecuencia, ACEPTAR O DESISTIMENTO E DECLARAR CONCLUSOS O PROCEDEMENTO para o outorgamento de "subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2013", ao que concorreu, respectivamente, co expediente nº 6200/320 (Programa I), de acordo co disposto nos art. 90.1 e 91.2 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e Base 8ª.6.

QUINTO: TER POR DESISTIDAS, expresamente, ás seguintes entidades das súas solicitudes de subvención, en virtude dos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución, conforme ó disposto no artigo 71.1. da LRXAP e PAC e, en consecuencia, DECLARAR CONCLUSOS os correspondentes procedementos, ao transcorrer o prazo establecido sen que as solicitantes presentasen a documentación preceptiva requirida:

	<i>CIF</i>	<i>ENTIDADE</i>	<i>PROGRAMA/S</i>	<i>EXPTE/S</i>
1	G-27749217	Asociación de Veciños "O Torreiro de Coia"	I, II e II	6245/320 6246/320 6247/320
2	G-36644904	Asociación de Veciños da Salgueira "Rosalía de Castro"	III	6221/320

SEXTO: NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos

dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

SÉTIMO: INFORMAR, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 4.1.c) da Lei 30/92, de RXAP e PAC, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**18(1093).- PRODUCTIVIDADE AOS FUNCIONARIOS DO SERVIZO DE DESINFEC-  
CIÓN POLA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN DO ANO 2013. EXPTE. 23873/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e fomación de Recursos Humanos, do 12.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfección que a continuación se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se indican, polo especial rendimento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realización da Campaña de desratización levada a cabo no ano 2012:

- D Manuel Antonio Pereiro Alonso, Oficial Desinfectador, con nº de persoal 17578, por importe de 1931.03 €
- D Andres Avelino Pardellas Avion, , Oficial desinfectador, con nº de persoal 09722, por importe de 2068.96 €
- D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfectador, con nº de persoal 22790, por importe de 2068.96€
- D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfectador, con nº de persoal 81369, por importe de 1896.55.€
- D Ramon Seijas Alvarez, Capataz do Servizo de desinfección, con nº de persoal 16350, por importe de 1965.52€
- D Jesus Perez Tome, Oficial Conductor, con nº de persoal 13675 por importe de 2068.96 €

Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 11999,98 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo a partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade" ( RC 18989 de data 12/3/2013)

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

**19(1094).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2013. EXPTE. 24430/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e fomación de Recursos Humanos, do 17.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Agosto-2013 e que ascenden a un total 366,60 € (trescentos sesenta e seis euros com sesenta céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**20(1095).- AXUDAS ESPECIAIS CON CARGO AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 24424/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior do 23.09.13, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 22/08/2013 por un importe total de 12.240,00 € (DOCE MIL DOUSCENTOS CORENTA EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	EUROS
Calvar Ríos, Moisés	36142373	79383	227,00 €
Costas Lorenzo, Tamara	36126054	80489	700,00 €
Expósito Olalla, Lidia	36089121	80478	527,00 €
Faro Chamadoira, Angeles	36033947	15071	1.629,00 €
González Rodríguez, Miguel José	36036153	14835	1.406,00 €
Magdalena Vila, M <sup>a</sup> Jesús	36025359	13161	1.177,00 €
Mariño Villanueva, Julia	36045806	22361	3.500,00 €
Martínez-Murillo Campos, Concepción	36096910	22757	1.845,00 €
Pérez Gil, Francisco Javier	36095799	23567	659,00 €
Rodríguez Cairo, Javier	36130786	78769	570,00 €
TOTAL			12.240,00 €

Segundo.- Denegar as seguintes solicitudes polos motivos que se especifica en cada unha delas:

- D. José F. Codesido Rodríguez (en valoración da Comisión, non procede axuda).
- Da. Rocío Lago Carrera (a Comisión se ratifica no acordo do 22/05/2013).
- D. Pergentino Martínez Pampillón (non corresponde axuda por non presentar gastos)”

**21(1096).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. MANUEL BARBEITO REINO. EXPTE. 24445/220.

Con data 18.09.13, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario municipal D. MANUEL BARBEITO REINO, con data de efectos 19/10/2013, con nº de persoal 10441, data de nacemento 19/10/1948, con praza e posto de Policía (pto. 134), grupo C1 de titulación e grupo de tarifa 05, adscrito ao Servizo de Policía Local (212), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso postestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou*



*ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**B) RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DA EMPREGADA PÚBLICA MUNICIPAL DA. MARGARITA GARCÍA ROMERO. EXPTE. 24446/220.**

Con data 18.09.13, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

*Primeiro.- Declarar a xubilación obrigatoria da empregada municipal (en réxime laboral) Dna. MARGARITA GARCÍA ROMERO, con data de efectos 23/10/2013, con nº de persoal 7166, data de nacemento 23/10/1948, con praza de peón e posto de ordenanza porteiro (pto. 155), grupo E de titulación e grupo de tarifa 10, adscrita ao Servizo de Bibliotecas (334), en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación.*

*Segundo.- Notifíquese a presente resolución á interesada, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, e dease conta á Xunta de Goberno Local, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**c)RESOLUCIÓN DE SOLICITUDE DE RENUNCIA AO POSTO DE TRABALLO COMO OFICIAL XARDINEIRO (INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS), D. ALVARO OTERO PAZOS. EXPTE. 24454/220.**

Con data 17.09.13, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolve o seguinte:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada con data 17 de setembro de 2013 por D. Alvaro Otero Pazos, con DNI 52499591-K, nº de persoal 82526, oficial xardineiro por acumulación de tarefas con efectos de 17 de setembro de 2013, de conformidade co previsto no art. 10 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese o interesado, Xefatura de Limpeza, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social, Planificación e Organización e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que estime procedente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **22(1097).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

A) M<sup>a</sup> TERESA IGLESIAS LISTE. EXPTE. 86708/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de xuño de 2013 por M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Liste con NIF 52471613-B, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Eugenio Kraff, 52, por non producirse danos.

B) CONSTRUCCIONES SITO Y FDEZ., S.L. EXPTE. 86612/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 11.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 04 de Xullo de 2013 por Construcciones Sito y Fernández, S.L. con NIF B-36769883, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que

se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Abeleira Menéndez, 24, por non producirse danos.

C) MONTEROMÁN EMPRESA CONSTRUCTORA S.L. EXPTE. 86942/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 24.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 30 de maio de 2013 por Monteromán Empresa Constructora, S.L., con NIF B-36805653, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Menéndez Pelayo, 8, por non producirse danos.

D) IMPERMEBA S.L. EXPTE. 86829/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 24.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 31 de maio de 2013 por IMPERMEBA, S.L., con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Praza Juan XXIII, 1, por non producirse danos.

E) COMUNIDAD PROPIETARIOS BALAÍDOS, 73-TELLEIRA. EXPTE. 86941/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 24.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de xullo de 2013 por Comunidad de Propietarios Balaidos, 73-Telleira, con NIF H36817781, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Balaidos, 73, por non producirse danos.

F) CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ S.L. EXPTE. 86827/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de agosto de 2013 por Construcciones Sito y Fernández, S.L., con NIF B-36769883, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que

se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Teófilo Llorente por non producirse danos.

G) CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ S.L. EXPTE. 86826/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 5.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de agosto de 2013 por Construcciones Sito y Fernández, S.L., con NIF B-36769883, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Zaragoza, 57, por non producirse danos.

H) CONSTRUCCIONES CONDE S.A. EXPTE. 86758/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de maio de 2013 por Construcciones Conde, S.A. con NIF A-36620524, por un importe de 5.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Areal, 18, por non producirse danos.

I) CONSTRUCCIONES SERAFÍN CARRERA. EXPTE. 86748/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 20 de marzo de 2013 por Construcciones Serafín Carrera, S.L. con NIF B-36235810, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Poboadores, 43, por non producirse danos.

K) INMAGO S.L. EXPTE. 86730/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de agosto de 2013 por Construcciones e Impermeabilizaciones

INMAGO, S.L. con NIF B-36953024, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Sanjurjo Badía, 97, por non producirse danos.

L) COMUNIDAD PROPIETARIOS EDUARDO IGLESIAS, 9. EXPTE. 86757/210.  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 09 de agosto de 2013 por Cdad. Prop. Eduardo Iglesias, 9 con NIF H-27742527, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Eduardo Iglesias, 9, por non producirse danos.

M) SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. EXPTE. 86089/210.  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 10.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 04 de Xuño de 2013 por Sánchez Álvarez, S.L. con NIF B-36012540 por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Sanjurjo Badía, 134, por non producirse danos.

N) ORESA S.L. EXPTE. 84602/210.  
Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 23.09.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de novembro de 2012 por ORESA, S.A., con NIF B-36494185 por un importe de 10.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa San Sebastián e Abeleira Menéndez, por non producirse danos.

**23(1098).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIONES CONDE S.A. EXPTE. 66237/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 19.09.13, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de catrocentos sesenta e tres euros con cincuenta e dous céntimos (463,52€) a favor de Construcciones Conde, S.A., constituída para a realización dunha acometida eléctrica na rúa Avda. Florida nº 19.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **24(1099).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN “VIVE VIGO”. EXPTE. 4886/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 5 e do 23 de agosto de 2013, o informe de fiscalización do 3.10.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 26.09.13, conformado pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Contratación, e o concelleiro delegado da Área de Industria, Turimos, Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación Nº 4886-104

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 6 de setembro de 2013 e o prego de cláusulas administrativas de data 9 de setembro de 2013 que rexerán a contratación da campaña de promoción “Vive Vigo” aprobada na sesión de 24 de outubro de 2012 da Comisión de seguimento do Plan de Competitividade Turística e ratificada pola mesma o día 24 de abril de 2013

3º.- Autorizar o gasto, por importe de 223.850€ (douscentos vintetrés mil oitocentos cincuenta euros) ,IVE incluído, con cargo á partida presupostaria 4320.2279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” e á súa bolsa de vinculación no vixente presuposto.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

#### **25(1100).- PRÓRROGA DO ACORDO-MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 36255/212.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 30.09.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prórrogar durante o ano 2013 o Acordo Marco para a amplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2º.- Delegar no Concelleiro da Area de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

3º.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non teran carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico.

#### **26(1101).- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.